

COMUNICACIÓN DE FOLGA ÁS FAMILIAS

O IES Xermán Ancochea Quevedo INFORMA:

1. O centro ten coñecemento da convocatoria dunha folga de estudantes para o día **11 de outubro de 2024 por parte do sindicato de estudantes**. Dita folga foi convocada de acordo coa normativa vixente:


- **Artigo 8, párrafo 2 da Lei 8/1985** "Nos termos que establezcan as Administracións educativas, as decisións colectivas que adopten os alumnos, a partir do terceiro curso da educación secundaria obrigatoria, con respecto á asistencia a clase no terán a consideración de faltas de conducta nin serán obxecto de sanción, cando éstas foran resultado do exercicio do derecho de reunión e sexan comunicadas previamente á dirección do centro."
- **Artículo 28.2 Real Decreto 732/1995, do 5 de Maio** Os/as directores/as dos centros garantirán o exercicio do dereito de reunión dos/as alumnos/as dentro do horario do centro. Os regulamentos de réxime interior dos centros establecerán Os/as directores/as dos centros garantirán o exercicio do dereito de reunión dos/as alumnos/as dentro do horario do centro(...). De acordo con isto os/as delegados/as dos diferentes grupos e niveis teñen a súa disposición a sala de xuntas do centro.
- **O alumnado menor de idade deberá ter a conformidade dos seus pais, nais ou titoras/es legais para secundar a folga, expresada ou ben por escrito usando os anexos que se achegan ou través dunha mensaxe á persoa titora enviada por abalar que poña:**

- **Alumnado de 1º e 2º de educación secundaria obrigatoria:**

"Autorizo que o meu fillo ou filla (nome e apelidos) secunde a folga convocada para o día 11 de outubro de 2024" (alumnado de 1º e 2º ESO, Anexo II).

- **Alumnado de terceiro da eso en diante:**

"Son coñecedor que o meu fillo ou filla (nome e apelidos) vai a secundar a folga convocada para o día 11 de outubro de 2024" (alumnado 3º ESO en diante, Anexo III). Esta comunicación deberá facerse cunha antelación de como mínimo 24 horas.



2.- No caso de participar na citada folga, co fin de non entorpecer o normal desenvolvemento das clases, o alumnado non deberá asistir ao centro.

A comunicación de participación na folga farase con un listado elaborado previamente por parte dos/as delegados/as de cada grupo que participe na folga que será entregado na secretaría do centro con data límite do 10 de outubro.

3. Se o alumnado decide asistir ao centro non se lle terá en conta a súa decisión de participar na folga e deberá asistir a clase con normalidade.

4. No caso de que alumno entre no recinto do centro, non se lle terá en conta a súa decisión de participar na folga e deberá asistir a clase con normalidade, non podendo abandonar o centro ata que remate o seu horario escolar.

O director
Francisco García Sánchez

ANEXO II COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS DA DECISIÓN COLECTIVA DE FOLGA DE ALUMNAS/OS (alumnado de 1º e 2º ESO)

O IES Xermán Ancochea Quevedo.

INFORMA:

1 Que o centro ten coñecemento de que está convocada unha folga de estudantes de acordo cos seguintes datos:

- **Acto convocado FOLGA DE ESTUDANTES**
- **Organización que convoca: Sindicato de estudantes**
- **Etapas convocadas á folga Todos os niveis educativos**
- **Data da convocatoria 11/10/2024**
- **Duración Toda a xornada lectiva**
- **Motivo da convocatoria Folga estudiantil:** achégase folla informativa do sindicato

2.- Que a/o súa/seu filla/o figura na relación de alumnos/as facilitada pola persoa delegada do grupo.

3.- Que no caso de participar na citada folga, co fin de non entorpecer o normal desenvolvemento das clases, a alumna/o non deberá asistir ao centro.

4.- Que se a alumna/o, a pesar de secundar a folga, sube ao transporte escolar e/ou entra no recinto do centro, non se lle terá en conta a súa decisión de participar na folga e deberá asistir a clase con normalidade, non podendo abandonar o centro ata que remate o seu horario escolar.

5.- No caso de que estea conforme co que a súa filla/o secunde a folga, deberá achegar o xustificante por escrito ou enviar unha mensaxe a través de ABALAR á persoa titora, na que manifeste o seu coñecemento de que a súa filla/o vai a secundar a folga, cunha antelación de 24 horas á data de convocatoria.

O alumnado de 1º e 2º de educación secundaria obrigatoria non ten dereito á non asistencia a clase (folga). As nais/pais debes asinar este xustificante para que no centro teñamos coñecemento de que fustes informados/as de esta convocatoria oficial.

.....

Eu,.....nai/pai/titor legal da/o alumna/o.....
teño coñecemento de esta convocatoria oficial de Folga xeral estudiantil para o próximo venres 11 de outubro.

Nai/titora legal.

Pai/titor legal

.....




**XUNTA
DE GALICIA**

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



UNIÓN EUROPEA



IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO

R/ Germán Ancochea, nº 13
32780 A Pobra de Trives (Ourense)
Tlf.: 988330302 Fax: 988330302

Correo electrónico:

ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea>

ANEXO III COMUNICACIÓN INDIVIDUAL DE PARTICIPACIÓN EN FOLGA

(alumnado de 3º de eso en adiante)

O IES Xermán Ancochea Quevedo

INFORMA:

1 Que o centro ten coñecemento de que está convocada unha folga de estudantes de acordo cos seguintes datos:

- **Acto convocado polo Sindicato de estudantes**
- **Etapas convocadas á folga Todos os niveis educativos**
- **Data da convocatoria 11/10/2024**
- **Duración Toda a xornada lectiva**
- **Motivo da convocatoria Folga estudiantil: *achégase folla infomativa do sindicato***

2 Que o alumnado pode, a título individual, participar nesa convocatoria.

3 Nese caso, a nai, pai ou persoa titora deberá enviar unha mesaxe a través de ABALAR á titora/ titor da súa filla/o, autorizandoa/o a secundar a folga cunha antelación de 24 horas á data de convocatoria ou ben entregando o anexo III cuberto e asinado.

4 Que o alumnado que decida participar na folga non deberá asistir ao centro, co fin de non entorpecer o normal desenvolvemento das actividades ordinarias.

5 Que se o alumnado sube ao transporte escolar e/ou entra no recinto do centro, non se lle terá en conta a súa decisión de participar na folga e deberá asistir a clase con normalidade, non podendo abandonar o centro ata que remate o seu horario escolar.

Este dereito está recollido na Lei Orgánica 8/1985 reguladora do dereito á educación nos seguintes termos:

Artigo oitavo. Garántese nos centros docentes o dereito de reunión dos profesores, persoal de administración e de servizos, nais/pais de alumnas e alumnos, cuxo exercicio se facilitará de acordo coa lexislación vixente e tendo en conta o normal desenvolvemento das actividades docentes. A fin de estimular o exercicio efectivo da participación do alumnado nos centros educativos e facilitar o seu dereito de reunión, os centros educativos establecerán, ao elaborar as súas normas de organización e funcionamento, as condicións nas que os seus alumnos e alumnas poden exercer este dereito. Nos termos que establezan as Administracións educativas, as decisións colectivas que adopte o alumnado, a partir do terceiro curso de educación secundaria obrigatoria, con respecto á asistencia a clase non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción, cando estas fosen resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á dirección do centro.

Eu,.....nai/pai/titor legal da/o alumna/o.....
teño coñecemento de esta convocatoria oficial de Folga xeral estudiantil para o próximo venres 11 de outubro.

Nai/titora legal.

Pai/titor legal